“Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor”

“Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio”.

“A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto

das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do

alumnado.” (O. do 9 de xuño de 2016).

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Promocionarán todos os/as alumnos/as con cualificación positiva en todas as áreas ou con cualificación negativa **nun máximo de dúas**, sempre que estas últimas non sexan as posibles combinación das áreas instrumentais que se detallan:

- Lingua galega e lingua castelá
- Unha das dúas linguas e matemáticas

Ademais, aínda que non cumpran os requisitos anteriores e por imperativo legal, o alumnado promocionará ao seguinte nivel, se xa foi adoptada a medida de permanecer un ano máis no curso ou etapa.

Así mesmo, poderase autorizar unha promoción “excepcional” cando por razóns de interese afectivo, social e/ou de integración aconsellen a continuidade do alumno/a co mesmo grupo.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Trimestralmente (en sesión de avaliación) serán revisados os procesos de ensinanza e a práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) Clima de traballo na aula.
- e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Tendo en conta o establecido nas Instrucións do 30 de xullo de 2020, no seu punto 2.2, a avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas

necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Probas de avaliación inicial.

A proba aplicada avaliará a competencia lingüística e matemática e será seleccionada tendo en conta o asesoramento do Departamento de Orientación.

Os resultados serán analizados de forma estandarizada.

Medidas a adoptar tendo en conta os seus resultados.

Os resultados das probas de avaliación inicial serán analizados e comunicados ao Departamento de Orientación para a posta en marcha de posibles apoios.

Estes resultados servirán para adaptar a programación de aula ao nivel de competencia curricular do grupo de alumnos/as.

En caso de que os resultados sexan significativos, serán comunicados ás familias durante a primeira avaliación, de forma progresiva, nas reunións de tutoría.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas xerais que favorecen a todo o alumnado:

- a. Procurar un ambiente estruturado e predicible na aula, elaborando de forma consensuada as normas de aula e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas deben estar visibles e ser repasadas con frecuencia.
- b. Buscar reforzos visuais ou auditivos para traballar os contidos das diferentes materias e dar información verbal e visual simultaneamente.
- c. Introducir o tema (sempre que sexa posible) por medio de imaxes, vídeos,... e proporcionar esquemas, mapas conceptuais, resumos con apoio visual, murais interactivos, documentais, utilización de enciclopedias ou dicionarios visuais, etc.

Algunha das **medidas ordinarias** que se poderán poñer en marcha unha vez que se detecten as dificultades, son as que seguen:

- d. **Reforzo Educativo:** no contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- e. **Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación:** para dar resposta

ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

f. **Programas de enriquecemento curricular:** destinado ao alumnado talentoso ou de altas capacidades con avaliación psicopedagóxica do servizo de orientación do centro que así o determine, que non foi obxecto de flexibilización.

g. **Metodoloxía:** empregaranse de forma prioritaria as metodoloxías que promovan a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

h. **Programas de recuperación:** para alumnado que non promocióne ou que promocióne con algunha cualificación negativa.

i. **Programas específicos personalizados:** levaranse a cabo cando se detecten diferentes problemáticas de tipo individual e contando coa colaboración das familias, como por exemplo, o programa de adquisición de hábitos de traballo na casa.

j. **Programa de modificación da conduta na aula:** en 4º A utilizarase a economía de fichas establecendo unha canle individualizada de comunicación coas familias de xeito semanal. Na aula de 4º B utilizarase o programa ClassDojo para a asimilación e mellora de normas de conduta.

Intervención específica para o alumnado con dificultades:

k. **Localización da alumna ou do alumno na aula:** o alumnado con dificultades estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda, sempre que as circunstancias actuais relacionadas co protocolo Covid-19 o permitan. Evitarase a proximidade a portas, papeleiras e lugares de maior tránsito.

l. **Mesa da alumna ou do alumno:** enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa e, ao remate, deberá recollelos e gardalos.

m. Respecto das actividades:

i. Alternaranse actividades teóricas con traballo práctico.

ii. Utilizaranse estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.

iii. Segmentaranse as actividades longas e limitarase o número destas.

iv. Supervisarase frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

v. Utilizaranse reforzos e apoios visuais na instrución oral.

vi. Combinaranse actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

vii. Evitar sacalo ao encerado cando non esteamos seguros de que o vai facer ben. Ofrecerlle actividades e experiencias de éxito e reforzar os logros.

viii. Mostrar os traballos ben realizados para axudar ao alumnado a mellorar a súa autoestima, a súa motivación cara á tarefa e as súas expectativas.

ix. Utilizaranse reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, levar os traballos á casa cunha felicitación, nota positiva na axenda, programa de modificación da conduta na aula, etc.).

n. Á hora de explicar, terase en conta:

- i. Utilizar frases curtas e claras.
- ii. Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- iii. Focalizar a atención nos conceptos “clave”.
- iv. Implicala ou impicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.

o. Para mellorar o éxito das probas:

- i. Evitar que o alumnado teña máis dunha proba por día e dar as datas dos exames con antelación, asegurándose de que o alumno/a o anote na axenda.
- ii. Utilizaranse diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- iii. Procurarase que os exames escritos sexan curtos, con preguntas breves, claras e con vocabulario sinxelo.
- iv. Deixarase máis tempo para os exames ou probas escritas.
- v. Posibilitar que as nenas e os nenos poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- vi. Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

Teranse en conta, ademais, as medidas de atención á diversidade recomendadas polo Departamento de Orientación.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

4º de EP participará, como mínimo, en:

FESTAS E FESTIVAIS NO NOSO COLEXIO	
En outubro	Samáin

En novembro	Festa do Magosto
En xaneiro	Día Escolar da non Violencia e da Paz.
En febreiro	Festa do Entroido
CONMEMORACIÓNS	
En marzo	Semana da Prensa.
En abril	Día do Libro.
En maio	Semana das Letras Galegas.

Ademais, de todas as actividades complementarias programadas na PXA para o noso nivel.

A parte das mencionadas, realizaranse todas aquelas actividades que sendo asumibles economicamente, se axusten á nosa programación e cumpran as recomendacións establecidas no protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19.

14.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE

Os procedementos para avaliar a programación centraranse en valorar:

	A destacar...	A mellorar...	Propostas de mellora persoal
Temporalización			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Realización de tarefas			
Metodoloxía empregada			
Recursos			
Ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			

15. CONCRECIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Seguindo o decreto 105/2014, o proxecto lingüístico do centro incluírá as medidas necesarias para favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa en varias linguas. Estas medidas inclúen “acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.”

Co obxecto de contribuír ao proxecto lingüístico do centro, dende a aula integraranse todas as tarefas educativas enfocadas á lectura, comprensión lectora e escritura nas distintas linguas. A competencia lingüística será traballada dende todas as áreas curriculares.

As actividades destinadas a fomentar e dinamizar o uso da lingua galega serán determinadas polo EDLG e estarán encamiñadas a:

- a. Potenciar o uso da lingua galega nas actividades da vida escolar.
- b. Lograr unha valoración positiva do uso da lingua galega.
- c. Mellorar a competencia lingüística en lingua galega.

Ademais de potenciar, fomentar e espertar:

- d. Interese e gusto pola lectura en lingua galega.
- e. Coñecemento da nosa cultura e tradicións galegas por medio de actividades programadas a través do ciclo anual.
- f. As actividades a desenvolver na semana cultural das Letras Galegas.

E todas aquelas actividades recollidas no Proxecto de Fomento de Uso do Galego.

16. CONCRECIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL

Dado que o currículo desenvólvese nun contexto dixital, o centro debe establecer un proxecto de educación dixital.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán traballados en todas as áreas e tal e como se recollen nos estándares de aprendizaxe.

Dende as aulas contribuiremos ao proxecto propoñendo actividades a realizar apoiadas nas TIC, a través dos blogs de aula e aproveitando as tabletas, encerado dixital ou canón, libros dixitais así como todas aquelas que se desenvolvan a través das computadoras da aula TIC.

17. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

O horario de atención de titoría ás familias é os martes de 16.30 a 17.30 horas.

Ao longo do mes de setembro terá lugar unha reunión xeral coas familias e posteriormente se levarán a cabo entrevistas individuais, que serán personalizadas e adaptadas ás necesidades de cada un/ha dos/as alumnos/as. A través do teléfono preferiblemente, aplicación abalar e outras que se consensúen, as titoras informarán puntualmente ás familias.

Se por calquera circunstancia, as familias desexan establecer unha cita cos/as mestres/as especialistas e dado o número de alumnado con que conta o noso centro, será imprescindible que avisen previamente ás titoras, para darlle tempo ao especialista a organizar a data e hora da reunión segundo a súa dispoñibilidade horaria.

18. ÁREAS DE APRENDIZAXE IMPARTIDAS POLO PROFESORADO

ESPECIALISTA:

- 19.3 [ÁREA DE INGLÉS](#)
- 19.4 [ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA](#)
- 19.5 [ÁREA DE MÚSICA](#)
- 19.6 [ÁREA DE RELIXIÓN](#)

ÁREA DE INGLÉS 4º

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN E COMPETENCIAS.

BLOQUE 1 . Comprensión de textos orais	Estándares de aprendizaxe	Competencias	Avaliacións	
			1ª	2ª
	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.	CC L		X
	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.	CC L	X	X
	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	CC L CA A		X
	PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.	CC L CS C	X	X

PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.	C C L CS C	X	X	X
--	------------------------	---	---	---

BLOQUE 2 .
Comprensión de
textos orais

Estándares de aprendizaxe	Competencias	Avaliacións	
		1ª	2ª
PLEB2.1. Participa en situación reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CC L CS C	X	X
PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.	CC L	X	X
PLEB2.3. Amosa una actitude de escoita atenta.	CS C	X	X
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).	CC L CS C		X
PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas aportacións do seus compañeiros/as.	CS C	X	X
PLEB2.8. Amosa una actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.	CC L CS C	X	X
PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais	CC L		X

BLOQUE 3.
Comprensión de

textos escritos			
Estándares de aprendizaxe	Competencias	Avaliacións	
		1ª	2ª
	CC L	X	X

PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.				
PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.	C C L	X	X	X
PLEB3.3. Amona interese pola lectura nunha lingua estranxeira.	C C L C A A	X	X	X
PLB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.	CCL CSIEE	X	X	X
PLB3.5. Iníciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora	C C L C A A		X	X
PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	C C L C A A		X	X
PLEB3.9. Amona interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	CCL CSIEE	X	X	X

BLOQUE 4.
Producción de
textos escritos

Estándares de aprendizaxe	Competencias	Avaliacións	
		1ª	2ª
PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CC L	X	X

PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.	CC L		X
PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).	CC L		X
PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e a dos demais (nome, apelido, idade...).	CC L	X	X

PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.	C C L	X	X	X
PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna .	C C L		X	X
PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	CAA CSIEE	X	X	X
PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica.	C C L C A A	X	X	X

BLOQUE 5
.Coñecemento da lingua e consciencia intercultural

Estándares de aprendizaxe	Competencias	Avaliacións	
		1ª	2ª
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	CC L CA A CS C	X	X
PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	CC L CS C	X	X
PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...	CC L		X

PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).	CC L CS C		X
PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.	CC L CS C		X
PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.	CC L		X

PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	C C L C A A		X	X
---	----------------------------	--	---	---

TEMPORALIZACIÓN

1º Trimestre:

UNIT	ACTIVE VOCABULARY	ACTIVE STRUCTURES	CLIL
A new school year	School subjects . Parts of the school Days of the week Times of the day	We've got Science at quarter past two. We haven't got P.E Have we got English today? Yes we have./No, we haven't. What have we got at quarter to ten?	Social Science
Describing people	Personal description Personal characteristics Adjectives f or describing people	She has got curly fair hair. She hasn't got straight fair hair. Has he got a Yes he has./No, he hasn't.	Literature
2º Trimestre			

<p>Around the world</p>	<p>Parts of the city. Ways of transport.</p>	<p>There's a supermarket in the street. There're shops in the street. Is there a train station? Yes ,there's . No, there isn't. Are there any</p>	<p>Geography</p>
-------------------------	--	---	------------------

		<p>museums? Yes there are/No, there aren't. There is/there are Some/any</p>	
Jobs and routines	<p>Different jobs Verbs for describing jobs.</p>	<p>What does she do? She is a doctor. Is he a nurse? Yes he is.No, he isn't. He works/ doesn't work in a hospital. Does he work with animals? Yes, he does.No, he doesn't.</p>	Social Science
3° Trimestre			
Things we like doing	<p>Outdoor and indoor activities for doing alone or with friends Technology words. Places to visit in a city.</p>	<p>Is your favourite activity shopping? Yes It 's./ No, It isn't. I like / I don't like skateboarding. Do you like dancing? Yes, I do. No, I don't. He likes/ doesn't like reading comics. Likes / Dislikes-</p>	Art and Science
In the countryside	<p>City, town, village. Traffic rules and signs</p>	<p>Turn left at the farm. Don't turn right . Go to the end of the path. Do I go straight on ? Do we go over the bridge?</p>	
Festivals	<p>Halloween Christmas Peace Day Valentine's Day Easter Book's Day</p>		Citizenship

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de cualificación polos cales se van valorar as aprendizaxes adquiridas serán os seguintes:

- Probas orais e escritas nas que valoraranse as catro destrezas básicas nas que se fundamenta o aprendizaxe dunha lingua Listening, Reading, Writing and Speaking .O valor será do 70%.

- Actitude e traballo diario : O valor será do 30%

Esforzarse por falar inglés nas actividades de

aula, Manter unha actitude positiva e

participativa,

Traballo diario individual,

Presentación coidada dos traballos(libreta, activity ...)

Acudir sempre co material necesario para o desenrolo da clase.

Realízase ao longo de todo o proceso, avaliación continua , na que será moi importante a evolución do alumno.

A cualificación final será unha media aritmética das tres avaliacións.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

	Ensino Presencial	Ensino Semipresencial
Probas orais e escritas.	70%	70%
Traballo diario (tarefas entregadas e calidade das mesmas)	20%	20%
Actitudes (disposición favorable ante a materia)	10%	10%

METODOLOXÍA

A aprendizaxe dunha lingua céntrase no significado. Un principio básico é que todos os contextos e situacións en que os alumnos se aproximan a linguaxe debe ter un sentido completo e relevante e relacionarse coas súas experiencias.

Comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos

serán as bases da metodoloxía.

Os alumnos tamén teñen moitas oportunidades para incorporar as súas propias experiencias no contexto da aula. Ademais de actividades investigación, traballo en parellas etc..

A aprendizaxe é máis eficaz cando aprecian o proceso. As cancións, rimas, historias e xogos proporcionan formas divertidas e diferentes estilos de aprendizaxe.

Para a adquisición da competencia lingüística en lingua estranxeira resulta fundamental o desenvolvemento da capacidade lectora e o dominio da escritura.

- Uso de recursos visuais e outras ferramentas para aclarar o significado.
- Empregar un ton de voz e linguaxe corporal para aclarar o significado.
- Repetición e clarificación da mensaxe principal.
- Comprobar que a mensaxe foi comprendido.
- Temas restrinxida (aquí e agora), de xeito que o contido é previsible.
- Discurso expresado máis lentamente e con coidado con frases curtas

Os contos son o foco principal de cada unidade. Os personaxes e as historias son atractivos para os alumnos e moitas veces usan o humor ou a tensión dramática está reforzando a experiencia positiva da lectura en inglés. As historias funcionan como vehículo condutor para introducir ou revisar o vocabulario núcleo de cada unidade e proporcionar diferentes oportunidades de atopar ese vocabulario.

Estes principios metodolóxicos, adaptados a situación, aplicaranse tamén en caso de actividade lectiva non presencial.

ACTIVIDADES

Actividade lectiva presencial:

- Actividades de exercicios físicos e de mímica para traballar as accións
- Actividades de listening e de comprensión de palabras, preguntas, historietas, comics, textos narrativos e cancións..
- Respostar a preguntas traballando as estruturas básicas e a comprensión das mesmas.
- Facer actividades de reading de textos e historietas recurrido á dramatización e

escenificación das mesmas por parte dos alumnos/as.

- Realizar actividades manuais de recortado, pegado e dobrado para confeccionar xogos que nos permitirán aprender ou repasar o vocabulario aprendido na unidade partindo do que xa sabemos.
- Actividades de escribir palabras en inglés ou frases segundo uns debuxos dados.
- Contar obxectos e escribir números en inglés.
- Unir debuxos con palabras ou frases ou preguntas con despostas.
- Respostar preguntas segundo unha imaxe.
- Cubrir viñetas dun comic onde faltan palabras ou frases.
- Ordenar frases ou preguntas.
- Debuxar seguindo unhas pautas dadas
- Actividades de autoavalación.
- Visionado de películas, música e documentais a través da pantalla dixital.
- Pasatempos, sopas de letras e encrucillados...

Halloween: aprender algunhas cousas sobre esta festividade a través dalgunha actividade de teatro, algunha canción ou unha actividade manual de recortado. Participación na exposición de cabazas que se organiza no centro.

Christmas: aprender como se celebra o Nadal en Gran Bretaña, cantar algunha panxoliña e facer algún adorno ou postal para levar a casa.

Valentine's Day apreciar que algunhas datas son celebradas en moitos países

Easter: aprender algunhas cousas sobre a semana santa no Reino Unido e confeccionar algunha tarxeta de felicitación.

Actividade lectiva non presencial :

Faranse todas aquelas actividades descritas anteriormente pero de xeito telemático . A través da aula virtual , do correo electrónico e dos blogues de aula.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Material do profesor:

- Pizarra dixital
- Teacher's digital book,
- CDs,
- Flashcards ,posters...e todo tipo de materiais que podan ser adaptados as

necesidades da aula.

- Traballo elaborado a través de aplicacións didácticas: kahoot!, , Liveworksheets,
- Páxina Web do colexio
- Aula Virtual
- Equipamento E-dixgal.
- Videos titoriais

Ademais dos libros e materiais dixitais que nos ofrece o proxecto E-Dixgal.

Material para el alumno:

Digital

Pupil 's Book. consta de seis unidades didácticas baseadas en historias imaxinarias e moi axeitadas os gustos dos alumnos ,contadas polos personaxes do Tiger Team, que son nenos ingleses da súa idade.As unidades divídense en lessons ou apartados dedicados a adquisición e afianzamento das catro destrezas básicas: vocabulary, story, tiger street club values, grammar and speaking , listening and writing , Tiger team Magazine (CLIL), Culture and project and reading corner.

Progress Journal. deseñado para centrarse en aprender a aprender e no apoio da autonomía., proporcionálles un motivador rexistro regular do seu progreso e os seus logros.

Pupil 's Online Materials. Deseñado para apoiar a autonomía e o pracer no estudo do inglés, trátase dun recurso para que o alumno o utilice individualmente na casa .

Activity book completo libro de actividades , secuenciadas de igual xeito que no libro para por en práctica e afianzar todos aqueles contidos e estratexias adquiridas.

MÍNIMOS ESIXIBLES.

- Valora a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos/a doutras culturas.
- Aмосa interese e unha actitude positiva de respecto cara á aprendizaxe da lingua inglesa.
- Imita, escoita e reproduce rimas, cancións e xogos moi sinxelos.
- Comprende mensaxes verbais moi sinxelas, significativas e contextualizadas nas que se utilicen linguaxes diversas (xestos, mímica, sons, imaxes e recursos multimedia).
- Participa activamente en producións orais moi sinxelas relativas a situacións e a temas

- de interese para o alumno/a: xogos, dramatizacións de contos, instrucións para realizar actividades da aula.
- Aмосa comprensión, mediante respostas verbais sinxelas, de interaccións básicas de saúde, despedida, presentación e de manifestación sinxela de estados de ánimo.
 - Utiliza fórmulas orais moi sinxelas da expresión cotiá.
 - Repite producións orais sinxelas e breves de uso diario cunha pronunciación, ritmo e entoación intelixibles.
 - Memoriza fórmulas breves e sinxelas de comunicación oral (xogos de sortes, retrosos de cancións e contos, fórmulas verbais para iniciar unha actividade, lérias, xogos de mans...)
 - Relaciona a forma escrita coa forma oral, recorrendo ás diversas linguaxes que acompañan ás palabras e enunciados (imaxes, xestos, sons).
 - Identifica e interpreta palabras e enunciados curtos moi sinxelos e contextualizados en situacións de comunicación significativas (tarxetas de felicitación, anuncios, carteis).
 - Produce mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que previamente fosen aprendidos oralmente.
 - Escribe palabras e frases sinxelas a partir dun modelo substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, saudar, escribir un cartel...) tanto de forma manuscrita como en formato dixital.
 - Recoñece as estratexias que utiliza para cada aprendizaxe: axudas xestuais, repetición sonora en voz alta ou de movemento, asociación, emprego de dicionarios visuais, utilización da internet...

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Adoptaranse todas as medidas específicas necesarias recollidas no anexo da programación.

Ademais nos casos nos que as necesidades específicas do alumno o requiran se incidirá mais no traballo de aula e tamén terán máis peso nas cualificacións , as destrezas de listening , e speaking

Actividades de reforzo nas que se volve a incidir dunha forma mais sinxela nos contidos traballados na clase. Tales como: actividades de vocabulario, actividades de listening, comprensión lectora, multiplechoice.

CONCRECIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A lectura é unha ferramenta fundamental do desenvolvemento da personalidade, pero tamén o é de socialización como elemento esencial para convivir en democracia e

desenvolverse na sociedade da información. Para iso é preciso que os alumnos adquiran habilidades que lles permitan o seguinte:

- Comprensión de textos literarios sinxelos, adaptados á idade e aos intereses dos alumnos (textos narrativos xe poéticos).
 - Uso sistematizado da biblioteca escolar en lingua inglesa.
- Participación en representacións, memorización e recitación de poemas, cantar cancións, contar contos, etc
- Participación no programa da escola de fomento a lectura mediante as mochilas viaxeiras cunha selección de lecturas en inglés.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Integraranse todos estes elementos transversais no proceso de aprendizaxe, de maneira que dunha ou outra forma, xa sexa no tema da unidade ou nas tarefas específicas, en todas as unidades se tratan temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os dous sexos, a educación para a saúde e a educación para o ocio, tal e como se detalla a continuación:

- Educación e respecto na lingua estranxeira.
- Esforzo co vocabulario e estruturas novos.
- Interese e respecto cara ás opinións dos compañeiros, a súa lingua materna, acento, orixe, etc.
 - escoita atenta e mostrando seguridade
 - Uso da lingua estranxeira na clase

CONCRECIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación serán unha peza fundamental na metodoloxía empregada no estudo da nova lingua.

Os alumnos e alumnas non poden estar afastados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén van aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación lles ofrecen para a adquisición de destrezas na área de Lingua Estranxeira.

Empregarase Un *Pupil 's Book* interactivo, completamente dixitalizado, un *Vocabulary App* que permite presentar, repasar e practicar o vocabulario de xeito significativo e memorizable Un *storyteller* que permite e contar os contos con flexibilidade e achega práctica tras o conto. Vídeos culturais e cancións integrados.

Uso da pizarra dixital durante as clases.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dende a aula de inglés participárase en todas as festas e conmemoracións xunto co resto do colexio.

Deseñaranse actividades que dende a lingua inglesa nos permitan traballar os contidos deseñados para esas conmemoracións.

FESTAS E FESTIVAIS	
En outubro	Samáin
En novembro	Festa do Magosto
En xaneiro	Día Escolar da non Violencia e da Paz.
En febreiro	Festa do Entroido
CONMEMORACIÓNS	
En marzo	Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
En abril	Día do Libro.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS OBTIDOS

Os procedementos para avaliar a programación centraranse en valorar:

	A destacar...	A mellorar...	Propostas de mellora persoal
Temporalización			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Realización de tarefas			
Metodoloxía empregada			
Recursos			
Ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			



CONTENIDO

1	<u>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</u>	<u>2</u>
2	<u>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</u>	<u>2</u>
3	<u>RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE POR CURSO.....</u>	<u>3</u>
4	<u>APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</u>	<u>4</u>
4.1	<u>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.....</u>	<u>5</u>
4.2	<u>CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</u>	<u>5</u>
5	<u>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA TEMPORALIZACIÓN.....</u>	<u>6</u>
6	<u>PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....</u>	<u>9</u>
7	<u>CONCRECIÓN METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A ÁREA.....</u>	<u>10</u>
8	<u>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR.....</u>	<u>11</u>
9	<u>CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</u>	<u>11</u>
10	<u>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE.....</u>	<u>12</u>
10.1	<u>CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....</u>	<u>12</u>
10.1.1	<u>1º BLOQUE: “CONTIDOS COMÚNS”.....</u>	<u>12</u>
10.1.2	<u>2º BLOQUE: “O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN”.....</u>	<u>12</u>
10.1.3	<u>3º BLOQUE: “HABILIDADES MOTRICES”.....</u>	<u>12</u>
10.1.4	<u>4º BLOQUE: “ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS”.....</u>	<u>12</u>
10.1.5	<u>5º BLOQUE: “ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE”.....</u>	<u>12</u>
10.1.6	<u>6º BLOQUE: “XOGOS E DEPORTES”.....</u>	<u>13</u>
11	<u>DESEÑO DA AVALIACIÓN E MEDIDAS QUE SE POIDAN ADOPTAR.....</u>	<u>13</u>
12	<u>MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....</u>	<u>14</u>
13	<u>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.....</u>	<u>14</u>
14	<u>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.....</u>	<u>14</u>

O alumnado está composto por un grupo de 4º de Educación Primaria. Para coñecer mellor as características propias deste alumnado realizarase unha avaliación inicial nos primeiros días do curso.

A área de educación física contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.
- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)

Competencia dixital. (CD)

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

- Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.

Competencia sociais e cívicas (CSC).

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A educación física achégase a esta competencia:

- Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas.

Competencia para aprender a aprender. (CAA)

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.
- Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordó con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e edoméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situación da súa vida cotiá.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e

utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexucios de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e a sociedade galegas.

Mínimos esixibles

- Traer o material deportivo e de hixiene necesario para a realización da sesión práctica (o seu incumprimento máis de tres veces no mesmo trimestre suporá o suspenso na materia nese trimestre).
- Manter unha actitude positiva cara a Educación Física, respectando as normas e as instalacións.
- Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas ás características deses estímulos.
- Adoptar diferentes posturas corporais, amosando coñecemento do corpo e mantendo o equilibrio e o control respecto á tensión/relaxación musculares e á respiración.
- Reproducir cos diferentes segmentos corporais ou con instrumentos unha estrutura rítmica sinxela.
- Axustar os movementos corporais a diferentes cambios das condicións dunha actividade, tales como a duración e o espazo onde se realiza.
- Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.
- Saltar coordinadamente batendo cunha ou ambas pernas en función das características da acción que se vai realizar.
- Desprazarse, en calquera tipo de xogo, mediante unha carreira coordinada con alternancia brazo - perna ou apoio adecuado e activo do pe.
- Utilizar na actividade corporal a habilidade de xirar sobre o eixo lonxitudinal e transversal para aumentar a competencia motriz.
- Lanzar cunha man un obxecto coñecido comendo un sexto coordinado (adiantar a perna contraria ó brazo a lanzar).

ETAPA: 4º PRIMARIA			
Estándares			
1.	EFB1.1.5. Demuestra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.		
2.	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.		2º aval
3.	EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	1º aval	
4.	EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.	1º aval	
5.	EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.	1º aval	
6.	EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.		2º aval
7.	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.		
8.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.		2º aval
9.	EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou compañeira.		2º aval
10.	EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.		

Acción de educación en valores de contribución ao plan de convivenciado centro.

A educación escolar ten como finalidade básica a de contribuír a desenvolver persoas con capacidade para desenvolverse na sociedade. Os valores que debemos transmitir aos nosos alumnos/as sonos seguintes:

- **Educación moral e cívica.** Podemos traballar estes aspectos no aula a través daquelas actividades nas que sexa necesario o diálogo, promovendo o respecto polas opinións dos demais e polos erros que poidan cometer.

- Educación para a paz. Traballaremos estes aspectos no aula cando fomentamos valores como a solidariedade, a tolerancia ou o respecto á diversidade.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos. É necesario fomentar hábitos de respecto e de non discriminación por motivos de sexo. Cando se evita todo tipo de linguaxe ou ilustracións sexistas ou cando destacamos algunhas contribucións femininas nos distintos ámbitos estamos traballando estes valores.
- Educación ambiental. Un xeito de traballar estes aspectos é realizar co alumnado actividades de reciclaxe, de maneira que este sexa consciente da súa importancia.
- Educación sexual. No 2º ciclo da Educación Primaria traballaremos o respecto polas diferenzas fisiolóxicas entre ambos sexos. Por exemplo, cando tratemos contidos deportivos, mostraremoslle ó alumnado que tódolos traballos poden ser desempeñados por persoas de ambos sexos sin que as súas diferenzas fisiolóxicas os condicionen.
- Educación para a saúde e a calidade de vida. Un modo de traballar estes aspectos é a través da elaboración e interiorización das normas básicas de saúde: hixiene, alimentación ou coidado corporal. Fomentándoas desde a práctica deportiva.
- Educación para o lecer. Para iso podemos fomentar a lectura , a práctica deportiva ou o traballo con programas informáticos que teñan fins didácticos e á vez sexan motivadores e lúdicos.
- Educación para o consumo. Cando estamos usando material de reciclaxe e os alumnos/as son conscientes diso ou cando empregamos recursos da biblioteca, da aula de educación física (material alternativo ou reciclado) en lugar de compralos, estamos traballando estes valores.
- Educación viaria. Necesario para inculcar nos alumno/as o sentido da responsabilidade cara á sinalización viaria. O alumnado debe recoñecer a necesidade de cumprir as normas de circulación como medio para previr accidentes de tráfico e isto podemos conseguir a través de actividades onde aparezan distintos sinais viarios e tamén a través do traballo sobre as consecuencias de non respectar estes sinais.

(por unidades, conmemoracións, proxectos, tarefas, etc.).

QUINCENA	AREA: EDUCACIÓN FÍSICA	NIVEL: 4º
12set-23set	<p>ACOLLIDA – AVALIACIÓN INICIAL</p> <p>Presentación dos novos alumnos</p> <p>Xogos de cooperación</p> <p>Hábitos de hixiene e rutinas saudables na práctica do exercicio físico</p>	

26set-7out	<p>HABILIDADES PERCEPTIVAS</p> <p>Percepción de obxectos no espazo</p> <p>Diferenciación de obxectos no espazo (estático e en movemento)</p> <p>Coñecemento do espazo de acción tanto en situacións estáticas como dinámicas</p>
10out-21out	<p>COORDINACIÓN ESPAZO – TEMORAL</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A percepción espazo-temporal: nocións de velocidade intensidade ritmo e duración <p>Realización de tarefas en base a criterios de espazo e tempo en relación co seu propio corpo</p> <p>Control do propio corpo en actividades independentemente das variacións espazo-temporais</p>
24oct-4nov	<p>COORDINACIÓN DINÁMICA XERAL</p> <p>Coordinación como froito da combinación de diferentes movementos corporais</p> <p>Práctica de habilidades motrices básicas impoñendo premisas de coordinación</p> <p>Interese pola participación e integración en actividades de grupo</p>
7nov-18nov	<p>EQUILIBRIO</p> <p>Mantemento do equilibrio no curso dun movemento, con e sen obxectos</p> <p>Mantemento de posicións determinadas en situación estáticas, con e sen obxectos</p> <p>Adquisición de confianza ante posturas de equilibrio</p>
21nov-2dec	<p>RESPIRACIÓN – RELAXACIÓN</p> <p>Experimentación de distintos ciclos respiratorios y mellora da forma fisiolóxica correcta</p> <p>Vivencia de diferentes situacións de relaxación ao remate das sesións como parte fundamental da volta a calma</p> <p>Diferentes xogos pasivos de traballo dos ciclos respiratorios combinados con situacións de relaxación</p>
5dec-21dec	<p>DESPRAZAMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Emprego de formas de desprazamento non habituais ● Desprazamento de formas variadas con obxectos ● Aceptación das posibilidades e limitacións dos demais

9xan-20xan	<p>SALTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Competencia motriz nos saltos en lonxitude e altura ▪ Coordinación entre o salto e o como e cando executalo ▪ Desenvolvemento da capacidade de reacción e reflexo rápido
24xan-3feb	<p>XIROS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemento das diferentes posibilidades de xiro ▪ Control corporal e coordinación en accións de xiro e rodamento ▪ Volteo hacia diante e hacia atrás
6feb-17feb	<p>LANZAMENTOS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Manexo de distintos obxectos, utilizando distintas formas de traslado ▪ Lanzamento de obxectos con precisión de forma estática e dinámica ▪ Integración dos distintos tipos de lanzamentos en actividades colectivas e xogos
23feb-9mar	<p>RECEPCIÓNS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Recepcións de distintos obxectos en diferentes situacións ▪ Recepción de obxectos con diferentes traxectorias coas mans e os pes ▪ Integración dos distintos tipos de recepcións en actividades colectivas e xogos
12mar-23 mar	<p>COMBINACIÓN HABILIDADES MOTRICES BÁSICAS</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego de formas de desprazamento non habituais ▪ Salto de obstáculos situados a diferentes lonxitudes e alturas ▪ Realización de xiros sobre o eixo transversal e lonxitudinal ▪ Valoración dos distintos tipos de lanzamentos e recepcións en situacións de xogo
26mar-13abr	<p>SAÚDE CORPORAL</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Coñecemento do coidado corporal e postural ● Recoñecemento dos hábitos hixiénicos corporais e posturais ● Adquisición de rutinas de hixiene e coidado corporal

